

Bloque Nacionalista Galego de Cabanas

R/ do Concello nº 3, 15622 Cabanas (A Coruña)

e-mail: cabanas@bng.gal

web: <http://cabanas.bng.gal>



Iago Varela Martínez, voceiro municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente presenta ante o Pleno do Concello de Cabanas para o seu debate e posterior acordo a seguinte

**INICIATIVA PARA A RETIRADA INMEDIATA DOS ÁRIDOS DE
MANMER NO POLÍGONO DE VILAR DO COLO**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O depósito de áridos contaminantes por parte da empresa Manmer S.L. nunha parcela en Vilar do Colo ten sido recoñecido no pasado como un problema ambiental e de saúde pública, dada a perigosidade dos refugallos, a inadecuación da parcela na que están depositados e a posibilidade de verteduras ao Río Baa. Isto levou á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) a presentar un expediente de reposición da legalidade no que se urxía a retirada dos refugallos para devolver os terreos ao seu estado orixinal.

Porén, e a pesar de que a APLU establecía que a Xunta levase a cabo a execución subsidiaria no caso de non facelo os responsábeis nun prazo de tres meses, prazo que rematou o 30 de abril de 2014, nin a Xunta nin a propia APLU fixeron valer esta resolución, e máis de tres anos despois da finalización do prazo os áridos contaminantes continúan no mesmo estado.

A esta irresponsabilidade da Xunta, que se negou a retirar os áridos contaminantes de forma subsidiaria e cuxa maioría de goberno chegou a votar en contra dunha iniciativa a este propósito presentada no Parlamento de Galiza, súmase a inacción do goberno municipal de Cabanas, que tampouco realizou ningunha xestión nin levou a cabo ningunha medida de presión ao respecto en todos estes anos.

A comezos do presente mes tívose coñecemento dunha sentenza xudicial ao respecto, pola cal Fermín Duarte foi condenado por delito ambiental a 6 meses de prisión e á retirada dos áridos contaminantes depositados en Vilar do Colo. Así, unha vez establecida xudicialmente a responsabilidade da retirada dos áridos, é necesario dar unha solución definitiva a este problema.

**SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CABANAS
SRS. CONCELLEIRAS DO CONCELLO DE CABANAS**

OFICINA REXISTRO XERAL-CONCELLO DE CABANAS
Entrada
Nº. 201700000002753 13/10/2017 11:47:25

Bloque Nacionalista Galego de Cabanas
R/ do Concello nº 3, 15622 Cabanas (A Coruña)
e-mail: cabanas@bng.gal
web: <http://cabanas.bng.gal>



Por estas razóns, o Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno do Concello de Cabanas esta iniciativa propoñendo a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. O Concello de Cabanas exige a retirada inmediata dos áridos contaminantes do polígono de Vilar do Colo.
2. Trasladar esta resolución á Consellería de Medio Ambiente, á APLU e ao Xulgado do Penal nº2 de Ferrol.

En Cabanas, a 13 de outubro de 2017

Asdo. **Iago Varela Martínez**
Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (BNG)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CABANAS
SRS. CONCELLEIRAS DO CONCELLO DE CABANAS